


Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

Xestión dos días de libre disposición para o ano 2013



Ante as consultas recibidas e co fin de unificar a xestión dos días de libre disposición para o ano 2013, infórmase dos criterios a seguir:

- 2.4. *Festividades dos centros*: o persoal destinado en unidades que carezan de patrón terán dereito a un día adicional, de xeito proporcional ao tempo de servizos prestados.
- 2.5. *12 de outubro*: poderá gozar dun día adicional en substitución deste o persoal que teña un contrato ou nomeamento en vigor nesa data, ou ben que a previsión da duración do mesmo inclúa esa data.

Exemplo:

Para calcular os días de permiso no ano 2013 regulados na instrución xerencial sumaranse os días asuntos particulares, conciliación e, de ser o caso, o que substitúe ao patrón do centro aplicando a seguinte fórmula:

- Centros con patrón: $(5 \times Z) / 365$
- Centros sen patrón: $(6 \times Z) / 365$

Z = número de días de prestación de servizos efectivos ou previsibles durante o ano 2013

De resultar un número decimal considerarase unicamente o primeiro dígito da parte decimal de xeito que cando este sexa igual ou inferior a catro, o número de días resultantes será a parte enteira. (4,4 = 4 días) e no caso contrario engadirase unha unidade á parte enteira (4,5 = 5 días). Este mesmo redondeo practicarse para calcular as vacacións.

Co fin de aplicar uniformemente estes criterios, nos tres días seguintes ao de remate de cada contrato ou nomeamento a persoa responsable da unidade na que prestase servizos debe informar por correo electrónico do número de días de libre disposición e de vacacións gozados ao Servizo de PAS (consultapas@uvigo.es) e á persoa traballadora. Pola súa parte, o Servizo de PAS remitirá ao responsable da unidade esta mesma información no impreso de incorporación.

Vigo, 20 de marzo de 2013

Vicexerente de Recursos Humanos,



Emilio Martínez Rivas